

## **Ciencia, poder e estratexia na Universidade de Santiago a finais do século XVIII. A polémica sobre a Física Experimental e a apertura cara a un novo modelo de institución**

Paula Fernández Seoane

[Recibido, xaneiro 2010; aceptado, febreiro 2010]

**RESUMO** Neste artigo propoñemos a análise dun cadro de conflito específico —o da polémica sobre a Física Experimental— que emerge na Universidade compostelá de finais do século XVIII. O obxectivo é deseñar unha abordaxe do asunto que nos permita aproximarnos ao coñecemento dos parámetros de estruturación e das dinámicas de funcionamento que nesa altura definen o espazo universitario. Iso pasa, entre outras cousas, pola atención aos grupos de poder que partillan en distribución xerárquica as posicións docentes e de goberno dentro da institución; pola identificación dos elementos repertoriais que os sectores enfrontados promoven, como parte da súa estratexia de ocupación do espazo; e polo exame da función que a Universidade exerce no cadro social en que se insire.

**PALABRAS CHAVE:** Universidade, ciencia, Física Experimental, campo da cultura, Ilustración.

**ABSTRACT** This article examines a single conflict of ideas—the debate about Experimental Physics—which manifests itself at the end of the 18th century. Our aim is to find an approach which will allow us to define the parameters within which the debate was conducted, and the dynamics of the University administration which laid down academic boundaries. The principal determining factors are the power groups which assign university posts in a hierarchy, and control the administration of the institution; the manoeuvring between the opposing parties as part of a power strategy; and the role of the university as actor in the social dimension in which it moves.

**KEYWORDS:** University, Science, Experimental Physics, culture.

### **Presentación**

Este artigo fai parte dunha investigación en curso que estuda a Universidade de Santiago de Compostela como espazo de circulación de ideas na viraxe do século XVIII para o XIX, enfocando as dinámicas que describen

o seu funcionamento e o tipo de interaccións —particularmente as funcionais— que establece co espazo social en que se insire<sup>1</sup>.

Para alcanzar os obxectivos que definen o noso proxecto, no estadio inicial de pescuda en que nos situamos resulta particularmente útil a análise de episodios de debate e enfrontamento, pola rendibilidade que demostran para acceder ao coñecemento dos elementos que describen a estrutura e funcionamento do espazo universitario. En boa medida, esa produtividade derivase da capacidade dos cadros de conflito para tornar visíbeis ou explícitos determinados índices que operan na delimitación de:

a. Grupos de actuación: na medida en que a situación de conflito fai que os axentes se vexan cominados a posicionarse, incrementase a posibilidade de inscribilos en redes e grupos de actuación e/ou de opinión.

b. Ideas: o enfrontamento entre axentes e/ ou grupos leva asociada a promoción por parte destes de elementos repertoriais diversos e, en ocasións, abertamente inconxugábeis. Os elementos repertoriais promovidos poden ter unha presenza explícita no cadro argumentativo do debate, cando é posíbel para os axentes colocar esas ideas de forma aberta, ou poden subxacer á dialéctica do enfrontamento e aos modos de accións dos sectores en disputa.

c. Estratexias: o modo en que os sectores enfrontados deseñan unhas liñas de actuación que lles permitan acceder a determinadas posicións ou defender as xa gañadas, informa das regras de funcionamento e do horizonte de posíbeis que nese momento caracterizan o espazo universitario.

Alén disto, a análise dun episodio de enfrontamento revélase eficaz para a planificación das fases de pescuda futuras, cando esa análise se orienta —como é o caso do traballo que propoñemos—, non ao esclarecemento ou fixación das circunstancias concretas do conflito escollido, senón (1) ao levantamento das cuestións clave arredor de que se vertebran as mudanzas ou as continuidades; (2)

---

<sup>1</sup> Este proxecto de investigación específico sobre a institución universitaria compostelá está integrado, á súa vez, nunha liña de pescuda máis ampla, desenvolvida polo grupo de investigación GALABRA, que estuda os campos culturais galego e portugués no período da Ilustración. A indagación a que nos referimos lévase a cabo ao amparo do proxecto *Contributos para o estudo do período ilustrado en Galiza. Levantamento de documentación primaria e bibliografía (1705-1820)*, subvencionado pola Secretaría Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+i) da Xunta de Galicia [Cód. INCITE08PXIB204051PR; duración: 2009 a 2011].

á formulación de hipóteses de traballo iniciais a respecto das dinámicas que rexen o espazo; e (3) á detección dos principais atrancos que se ofrecen á investigación do asunto e do período, o que determinará así mesmo un deseño das solucións metodolóxicas con que, eventualmente, poderán ser contornados.

Prospeccións iniciais na historia da Universidade compostelá determinaron a selección da polémica xerada arredor da Física Experimental como un dos cadros de loita particularmente rendíbeis para o tipo de estudo que queremos abordar<sup>2</sup>. Esta controversia alcanzou unha visibilidade notábel dentro da institución nas últimas décadas do século XVIII, a través do enfrontamento entre os promotores da concepción e ensinanza da Física Experimental –e, en xeral, da ciencia– como unha disciplina fundamentalmente experimental, e aqueles que, na órbita do escolasticismo, continuaban a considerar esta disciplina en particular, e o ensino universitario en xeral, dunha forma teórica, discursiva e até especulativa.

Na polémica escollida converxen unha serie de factores que determinan o seu interese e rendibilidade como obxecto de análise:

1. A súa presenza delongada e notábel no conxunto do corpus documental de finais do XVIII. É claro que existen disfuncións xeradas polos desaxustes entre o tipo de corpus conservado e os fundamentos do tipo de análise proposta, derivadas basicamente das particularidades que o carácter oficial do aparello burocrático da institución impón ao conxunto de materiais documentais que esta xera e, sobre todo, que conserva. Isto impide trazar equivalencias exactas entre a visibilidade constatábel que un suceso presenta na dimensión textual do corpus e a súa presumíbel cota de transcendencia na vida e dinámicas da institución. Mais a notábel presenza da polémica sobre a Física Experimental na documentación burocrática xerada pola Universidade fornece índices explícitos –de que é pouco frecuente dispor– do posicionamento

---

<sup>2</sup> Esta polémica é só unha das múltiples controversias que neses anos emerxeron nas diferentes Universidades, hispánicas e estranxeiras, motivadas polo desexo de determinados grupos de promover mudanzas na organización, nos contidos e nos enfoques dos Plans de estudo. O feito de individualizar o debate específico sobre a Física Experimental non deixa de constituir un exercicio meramente procedimental e dificultoso, dado que todas estas controversias universitarias estiveron interconectadas e foron protagonizadas nalgúns casos polos mesmos axentes, ou por axentes que actuaron de forma conxunta. Neste sentido, a polémica sobre a Física Experimental é en realidade parte dun debate máis amplo e, en definitiva, aparece como froito dun afán innovador que alcanzou tamén outras disciplinas, relacionadas ou non con ela.

dalgúns axentes universitarios. A importancia da fixación textual do conflito vese incrementada pola destacábel abranxencia temporal deste, que o converte nun dos eixes máis útiles –en tanto que durábel e documentado– a partir de que delimitar posicións converxentes e enfrontadas dos diversos axentes, coa posibilidade de chegar a considerar a súa integración en grupos ou en redes de actuación conxunta.

2. Outro factor de interese que entronca coa construción mesma do noso obxecto de estudo –isto é, o espazo universitario concibido como un espazo de circulación repertorial–, é a inscrición deste debate na órbita da incorporación á Universidade da chamada *ciencia moderna*. Partindo da base de que o discurso erudito sobre este período coloca o desenvolvemento científico como un dos elementos centrais do ideario ilustrado é posíbel que a análise da polémica seleccionada permita chegar á delimitación dalgúns dos repertorios clave arredor dos cales se articulan as mudanzas máis significativas desta etapa.

O desenvolvemento da polémica sobre a Física Experimental foi reconstruído e, en parte, interpretado nunha serie de estudos de carácter historio-gráfico<sup>3</sup>. No traballo que agora presentamos ese volume de información é incorporado a un esquema de análise que se apoia, con todo, nuns presupostos teóricos e metodolóxicos –fornecidos polas teorías sistémicas e de campo<sup>4</sup>– diferentes dos da historiografía. Propoñemos, en definitiva, unha abordaxe do asunto máis orientada ao esclarecemento das dinámicas e procesos xerais que á descrición dos feitos específicos en que estes se concretaron.

---

<sup>3</sup> Para unha información detallada en relación ao desenvolvemento da polémica sobre a Física Experimental –que neste artigo unicamente sintetizaremos–, remitimos ás historias da Universidade de Cabeza de León (1997) e Barreiro Fernández (1998-2002), de onde tomamos boa parte dos datos históricos presentados. As claves deste debate concreto, ou do proceso máis amplo de incorporación da ciencia moderna á Universidade compostelá, aparecen abordadas tamén nunha serie de traballos de carácter máis específico, entre os que se contan as achegas de Díaz-Fierros Viqueira (1971), Martínez Rodríguez (1980), Riobó González (1988), Fraga Vázquez (1995) e Sisto Edreira (1996). Existen, así mesmo, algúns traballos dedicados de forma particular ao estudo dos procesos que se conformaron a redor da ciencia moderna e da Física Experimental, esta vez no cadro máis global das universidades hispánicas; entre estes sitúanse os contributos de Sellés (1988), Moreno González (1988), Peset (1985, 2002) e Feingold e Navarro-Brotons (2006). En relación ás mudanzas xerais que teñen que ver coas ciencias durante a etapa da Ilustración, pode consultarse tamén Barona, Moscoso e Pimentel (2003).

<sup>4</sup> A aplicación específica destes cadros teórico-metodolóxicos ao período en foco ten demostrado, nos propios traballos do noso grupo de pescuda, unha rendibilidade importante para a comprensión do funcionamento dos campos culturais. Algúns exemplos desta aplicación, particularmente adaptada para o caso portugués, poden observarse nos traballos de Bello Vázquez (2005) sobre a traxectoria da aristócrata lusa Teresa de Mello Breyner.

## Organización estrutural do espazo universitario compostelán nas últimas décadas do século XVIII

A institución universitaria, marcadamente estigmatizada como espazo de cultura e ensino, visibiliza unha estrutura articulada en disciplinas e áreas de coñecemento que frecuentemente monopoliza os estudos sobre os procesos que afectan ás súas dinámicas. Pero esa estrutura, que manifesta de forma clara unha xerarquía en que determinados saberes prevalecen como áreas máis concorridas e, sobre todo, de *maior dignidade*, é só a equivalencia no plano simbólico, e no código docente propio da institución, dun outro esquema xerárquico, que é o das posicións de poder ocupadas dentro dela polos grupos que partillan o seu espazo. Neste sentido, é importante ter en conta que os debates ou disputas dialécticas que se observen, motivados frecuentemente pola promoción por parte de determinados colectivos periféricos de novos elementos repertoriais, constitúen só a manifestación ideolóxica de procesos en que comparece tamén a dimensión de conflito de poder, e que representan as tentativas de (re)posicionamento dos grupos no esquema de goberno da Universidade.

O que observamos na distribución estrutural do espazo universitario nas últimas décadas do século XVIII é unha primacía dos estudos teolóxicos e de todo o aparato escolástico que os apoiaba e sustentaba. Isto, partindo da premisa anteriormente exposta, implica a preponderancia na xerarquía de poder da institución do grupo vinculado aos estudos relixiosos e, por extensión, promotor do conxunto de repertorios que mantiñan esas disciplinas no centro do sistema. As Facultades Maiores de Teoloxía, Leis e Cánones, abertamente conxugábeis co enfoque escolástico, aglutinaban case a totalidade do estudantado e os seus docentes ocupaban algunhas das cátedras economicamente mellor dotadas da institución. A asociación deste grupo á área de saber considerada de maior dignidade, e situada por tanto no centro do espazo ideolóxico da institución, determinaba unha distribución do capital simbólico marcadamente inclinada no seu favor, visibilizándose isto no aparato cerimonial que a Universidade tiña habilitado para a exhibición explícita das súas xerarquías internas, en que se incluía a orde de asentos no Claustro, onde os teólogos tiñan reservados os primeiros postos. A elección necesaria do Reitor, cabeza visíbel da institución, entre un dos cóengos do Cabido compostelán é tamén un signo moi ilustrativo do poder –gubernativo e simbólico– que o grupo clerical asume nesa altura dentro da Universidade.

A posición central dos estudos teolóxicos –e do grupo ligado a eles– no espazo universitario ten unha vinculación directa coa función que a institución asume no cadro social da época, determinando a súa actuación como un dos organismos creadores dos cadros dirixentes da Igrexa. Esta función aparece defendida e referendada por un dos elementos máis considerados e invocados nos espazos universitarios con financiación propia: o respecto ás intencións fundacionais dos benefactores en cuxo legado se alicerza a institución. No caso da Universidade de Santiago, esa preservación dos sentidos fundacionais ditados polos benefactores vinculaba directamente a Universidade coa Igrexa, pois o Colexio constituído co legado do bispo Fonseca –pedra angular da institución compostelá– fundárase para servir como escola de teólogos, o que ofrecía un elemento de lexitimación incuestionábel –ligado á súa vez ao valor da tradición, de destacado peso na época, nomeadamente nos ámbitos institucionais– en que sustentar a centralidade do grupo eclesiástico na Universidade.

Neste cadro xeral de estrutura e funcionamento da Universidade, as disciplinas de carácter científico, vinculadas maioritariamente aos estudos médicos, atopaban acomodo asumindo posicións periféricas –extensíbeis tamén aos docentes que as impartían– e enfoques de ensinanza máis ligados ás abstraccións escolásticas (coa consecuente vixencia do galenismo) que á experimentación práctica. O rexeitamento dalgún médico<sup>5</sup> á práctica das diseccións anatómicas preceptivas, consideradas oficio menos honroso e propio de cirurxiáns, e a proposta de escisión da Cirurxía para convertela nunha facultade menor e autónoma, separada da de Medicina, ilustran algúns intentos de preservación do estatus propio por parte dos médicos, acolléndose ás regras dunha xerarquía que facía prevalecer os esquemas discursivos e especulativos, fronte a calquera abordaxe de tipo práctico.

---

<sup>5</sup> Este foi o caso do catedrático Pedro Gómez de Bedoya, cuxa traxectoria ilustra ben o cadro de pensamento en que se movían os axentes universitarios da altura. Bedoya, a quen se lle presupoñen unhas influencias importantes na esfera da Corte, ocupou a cátedra de Anatomía e Cirurxía na Universidade compostelá, onde fixo unha serie de reivindicacións na esfera docente consideradas relativamente innovadoras. A isto súmase unha produción científica que informa dun talante investigador e da súa adscrición a determinadas liñas avanzadas dentro do panorama científico da época. Por todo isto, Bedoya foi considerado tradicionalmente pola historiografía como o “iniciador da ensinanza científica en Santiago” (Barreiro Fernández, 1998-2002, I: 330). Pero estas facetas encádranse dentro dunha concepción da Ciencia e da Medicina como disciplinas deslindadas da parte mecánica ou experimental. En efecto, Bedoya reivindica o seu rango de médico para puntualizar que, no seu labor universitario, “sólo es de su profesión y obligación la explicación práctica de las Anathomías pero no de las Disecciones, pertenecientes únicamente a un Zirujano.” (Díaz-Fierros Viqueira, 1971: 403).

Este esquema xerárquico evidencia, a todas luces, unha íntima conexión coa cosmovisión relixiosa que nesa altura non só dominaba a institución universitaria, senón que, nun nivel máis xeral, era un elemento fundamental de configuración da *doxa* (Bourdieu, 1994) en vigor. Isto explica, en boa medida, por que a acumulación de capitais do sector clerical na Universidade se producía sen a contestación frontal –polo menos até ese momento– do poder real baixo cuxa xurisdición se atopaba a institución, a través da súa dependencia do *Consejo Real*. A omnipresenza da Igrexa nesta época determinaba unha compoñente relixiosa transversal á concepción global dos poderes e dos esquemas sociais, e a forza con que esta se atopaba instaurada nas mentalidades e nos ámbitos institucionais, tornaba en gran medida incuestionábeis –en tanto que se entendían como *normais*– determinadas manifestacións concretas resultantes desa cosmovisión, como o propio paradigma escolástico de Universidade.

De acordo coa idea da *utilidade* das ciencias, que cobraba vixencia progresivamente a partir da súa consagración en espazos alleos á Universidade, algunhas outras cátedras de carácter científico –nomeadamente, as de Matemáticas e Física Experimental– foran engadíndose ao esquema de estudos durante a segunda metade do século XVIII, en calidade de estudos preliminares da Medicina.

A importancia que reviste a existencia doutros espazos non universitarios onde puideron circular de forma previa as ideas que, nun momento determinado, aparecen nas dialécticas ideolóxicas xeradas dentro da Universidade, debe ser resaltada. A miúdo o estudo que se realiza das polémicas universitarias deixa fóra esas outras presenzas previas e externas á institución, coa subsecuente perda de elementos fundamentais de análise, pois xeralmente a irrupción dos debates nos ámbitos institucionais supón a fase final –e con frecuencia, a máis visíbel– de procesos de consagración de determinados repertorios que teñen un delongado percorrido anterior, xerado e desenvolvido noutros escenarios. Ter isto presente é fundamental para entender que, cando o debate entra na Universidade, é moi probábel que parte deses repertorios que o articulan se atopen xa en boa medida aceptados, e mesmo é posíbel que estean incorporados, nalgún nivel, á *doxa* en vigor.

O proceso de introdución na Universidade da chamada *ciencia moderna*, en que se encadra a polémica arredor da Física Experimental, é un dos casos en que resulta fundamental atender á existencia previa do debate fóra do espazo

universitario. Cando a controversia emerxeu –ou mellor, cando se visibilizou institucional ou socialmente– dentro da Universidade, a idea de que a ciencia era útil, e de que do seu desenvolvemento práctico podían seguirse beneficios probados, estaba en boa medida afianzada, e funcionaba a efectos prácticos en ámbitos de poder moi relevantes, como o da Coroa, que puxo en marcha na segunda metade do século XVIII unha serie de iniciativas conducentes, por exemplo, ao reforzo da dimensión práctica da Medicina, nos niveis da praxe e da docencia<sup>6</sup>. Considerar a traxectoria total –extra e intrauniversitaria– de emerxencia e circulación destes repertorios ligados á potenciación das ensinanzas científicas e dos enfoques experimentais será fundamental para entender (1) en que outros espazos (afíns) poderán apoiarse –ou por que vías alternativas poderán buscar lexitimación– os que promovan a introdución de mudanzas nun sistema universitario declaradamente escolástico; (2) que tipo de elementos repertoriais poderán ser abertamente rexeitados polo grupo eclesiástico para evitar os cambios no espazo institucional que dominan e cales serán aceptados –cando menos discursivamente– en tanto que elementos xa constituíntes da *doxa*; e, por último (3), que tipo de recepción fai o espazo universitario de determinados elementos repertoriais, neste caso abertamente confrontados ao paradigma escolástico en vigor, e cal é o seu grao relativo de permeabilidade á introdución de mudanzas que afectan os seus diversos niveis de funcionamento estrutural.

## Posición da Física Experimental e desenvolvemento do debate en torno á disciplina e á súa cátedra

A presenza da Física Experimental na Universidade de Santiago fíxose efectiva coa entrada en vigor do Plan de estudos de 1772, que establecía a creación dunha cátedra desta disciplina adscrita á Facultade de Artes. Os estudos de Artes ou Filosofía, ademais de habilitar para a obtención dos graos propios desta Facultade Menor, constituían a formación preliminar requirida para

<sup>6</sup> Que os organismos da Coroa promovan este tipo de iniciativas é unha proba da consagración duns repertorios que xa levaban tempo introducíndose e sendo debatidos. Neste punto, remitimos aos traballos de Moreno González (1988) –para o caso global hispánico–, e Díaz-Fierros Viqueira (1971) –para o caso galego–, onde se explica a delongada traxectoria das controversias sobre a Física e sobre o seu denunciado atraso dentro das Universidades, que estiveran presentes no discurso, entre outros, do Padre Feijoo, Jovellanos, Pérez Bayer e Cónsul Jove. Tamén se pode consultar Peset (1997) en referencia ás ideas da nova ciencia, esta vez estudadas dentro do cadro de pensamento específico do Padre Sarmiento.

acceder ás Facultades Maiores de Teoloxía, Cánones, Leis e Medicina. De acordo con este carácter propedeutico, o esquema de ensinanzas de Artes, rexido polo Plan de estudos de 1772, integraba, ademais das tres cátedras tradicionais de Filosofía Aristotélica (Lóxica, Metafísica e Física Aristotélica), previas ao estudo de Teoloxía, unha cátedra de Filosofía Moral para os futuros xuristas e as cátedras de Matemáticas e Física Experimental, obrigatorias para o acceso á facultade de Medicina.

As materias que integraban o esquema de Artes, como transloce a súa natureza, mostraban un perfil moi afín ao sistema discursivo e especulativo da escolástica e, en efecto, atopábanse claramente incorporadas nesta perspectiva docente, sendo impartidas, ademais, por eclesiásticos que alternaban a súa presenza nesta Facultade e na de Teoloxía. No cadro de ensinanzas descrito, a Física Experimental aparecía como unha das cátedras *extravagantes*<sup>7</sup>, en tanto que presumibelmente menos acomodábel ao sistema escolástico imperante. Con todo, e pese ao carácter científico e práctico inducido polo nome da disciplina, esta lograra ser incorporada ao esquema de ensino da Facultade de Filosofía sen grandes rupturas nin disonancias, a partir da utilización nas aulas de textos de tipo cartesiano<sup>8</sup> e da inexistencia na Universidade de instrumentos de experimentación ou dun gabinete de Física que favorecesen a ensinanza práctica da materia. Pero, sobre todo, o feito que determinaba a acomodación da disciplina ao sistema teórico era a súa adscrición á Facultade de Artes, que daba acceso á oposición da cátedra, tanto en calidade de xuíces coma de candidatos, a filósofos peripatéticos e teólogos, claramente promotores do escolasticismo. En relación con isto resulta ilustrativo que entre 1782 e 1790 a Física Experimental fose unha disciplina impartida por eclesiásticos.

Arredor de 1782 emerxeron unha serie de iniciativas que poñían en causa o estado de cousas descrito, dando inicio a unha controversia que durou máis de dúas décadas e que quedou rexistrada nos textos xerados pola burocracia universitaria. Este corpus, integrado por un conxunto de fragmentos de libros de Claustro e de libros de Visita, representacións e memoriais dirixidos ao

---

<sup>7</sup> Esta denominación é empregada de modo recorrente en textos da época, tanto na Universidade de Santiago coma noutras, para facer alusión a aquelas disciplinas de introdución máis recente que, polo seu perfil científico, parecían ter un encaixe menor no sistema escolástico predominante.

<sup>8</sup> A obra establecida era *Institutiones Philosophicae* (1695), de Pourchot, un filósofo adscrito ao Xansenismo de Port-Royal e seguidor de Descartes. Fronte a isto, outras Universidades empregaban xa o manual de Musschenbroek, discípulo de Newton (Barreiro Fernández, 1998-2002, I).

Fiscal e ao *Consejo Real*, informes claustrais e *Cartas-Orden* emitidas polo propio *Consejo*, informa de como se desenvolveu a polémica, dos eixes temáticos que a centraron e de quen foron os axentes que máis activamente contribuíron ao seu desenvolvemento. Alén diso, a tipoloxía mesma dos documentos e a súa articulación secuencial describen a dinámica do debate no que se refire aos espazos en que se xerou e ás canles e destinatarios preferidos polos sectores enfrontados para vehicular as súas demandas e argumentacións. Os axentes que promovían as mudanzas optaron preferentemente por cursar as súas propostas e solicitudes a través de representacións dirixidas ao *Consejo Real*, obviando o paso previo de presentarllos ao Claustro. En segunda instancia, o *Consejo* acostumaba demandar dos claustrais un informe en que se valorase a proposta de reforma recibida. O Claustro encomendaba entón, xeralmente a algún dos doutores que o integraban, a redacción dese informe, que debía ser aprobado antes do seu envío ao *Consejo*. En liñas globais, os informes claustrais despregaban unha argumentación orientada á defensa e lexitimación da orde vixente.

72

Nunha Universidade virada cara á Teoloxía, imbuída do método escolástico e cos seus órganos reitores e posicións centrais ocupadas por axentes interesados en preservar a súa posición e o estado de cousas que os lexitimaba para ocupala, entra na lóxica de funcionamento dos espazos que as iniciativas de mudanza, promovidas por axentes de posición periférica, se vehiculasen estratéxicamente a través de organismos externos ao propio réxime de goberno interno da institución, neste caso, a través dos espazos de goberno da Coroa.

Pódese establecer que o debate sobre a Física Experimental estivo articulado fundamentalmente en torno a dúas cuestións centrais: (1) o acceso á cátedra da materia como posición dende a que promover ideas relativas á propia disciplina, e mesmo como posición dende a que incrementar as funcións asociadas a ese espazo docente; e (2) a disciplina como ciencia que debía ser definida na súa propia natureza e no método do seu ensino. Aínda que ambos eixes organizaron o debate dende o inicio, distribuíron o seu protagonismo en momentos sucesivos, de acordo coa pertinencia estratéxica que tivo para os grupos orientar o seu discurso nunha ou noutra dirección.

As intervencións a favor da introdución de mudanzas que se rexistraron na etapa inicial da polémica foron impulsadas sobre todo, aínda que non unicamente, por Francisco de Neira, catedrático de Institucións Médicas e persoa instruída na dimensión práctica e aplicada dos estudos científicos, como ilus-

tran os dous anos de prácticas de Cirurxía e Diseción Anatómica que realizou no Hospital da Armada de Ferrol e a viaxe de estudos que emprendeu, entre 1784 e 1788, por distintas cidades europeas (París, Londres, Edimburgo) co obxecto de perfeccionar os seus coñecementos de Física Experimental, Anatomía, Química e Botánica. Neira solicitara a subvención da estadía por parte da Universidade, pero o Claustro declarou que non podía afrontar os gastos; finalmente, o *Consejo Real* financiou parte da viaxe.

É interesante reparar nos argumentos que o Claustro desprega para rexeitar a asunción dos custos derivados da estadía formativa de Neira:

[o Claustro] Dice:

Que el Pensamiento del D.<sup>r</sup> Neira es propio de las Luces de que está adornado este Joben Profesor y que sin duda puede esperarse de los buenos principios que le acompañan hará brillantes progresos en su facultad. Que la Universidad no tiene facultades ni sus constituciones la permiten derivar ning.<sup>n</sup> Profesor a semejantes objetos y mucho menos a los Maestros que son deudores de su instruccion a la actual enseñanza y desempeño de sus Cathedras: pero q.<sup>e</sup> el Consejo es arbitro de dispensarle tomando (como pedimos a V.A.) aquellas medidas que conviniere el logro del fin que se promete con las ventajas futuras de la Patria y de la Universidad a que está adicto. Que en tal caso se podrá desempeñar su Cathedra p.<sup>r</sup> medio de un substituto de la ma.<sup>or</sup> satisfaccion del Claustro abonando al D.<sup>r</sup> Neira en su aiuda el salario integro de ella que se le podra dirigir anualmte si hace constar su existencia y adelantamiento: pero que deja a la considera.<sup>on</sup> del Consejo las consecuencias de un exemplar q.<sup>e</sup> va abrir la Puerta a las pretensiones de Cathedraticos de otras facultades que querràn desamparar la actual enseñanza con este [...] pretexto **siendo mas propias del Estado o de una Sociedad que de las Universidades** y de los Jobenes Profesores que de los actuales Maestros quienes quiera que sean<sup>9</sup>.

O que aquí observamos é que a Universidade reconece os beneficios da formación científica, pero non se coloca a si mesma como a institución encargada de promovela nin de acollela. Isto revela, como anteriormente expuxemos, que a utilidade do avance científico era unha idea xa asumida –e que, por tanto, en ningún momento se cuestiona–, pero tamén que a institución universitaria

---

<sup>9</sup> *Ynforme del Claustro al Consejo sobre la liz<sup>a</sup> que el D.<sup>r</sup> D.<sup>n</sup> Fran.<sup>co</sup> de Neira solicito para pasar à Paris por 3 años à ynstruyrse en su facultad de Medicina* (1783), Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), Sección Histórica, Legajo 183. O resalte é engadido.

é percibida como un organismo fundamentalmente docente, virado preferentemente cara a formación de eclesiásticos, e –ao contrario do que actualmente sucede– non como un espazo asociado á investigación. É importante non perder de vista o rol social que en cada momento desempeña a institución, porque con demasiada frecuencia a atribución anacrónica á Universidade de funcións que só asumiu modernamente conduce á súa consideración, en determinados períodos, como un organismo *atrasado* ou retrógrado. Será necesario distinguir cando a institución amosa, en efecto, unha resistencia á recepción de determinados repertorios, e cando esa presunta impermeabilidade non é máis que a manifestación da non asunción de determinadas funcións que, nunha altura concreta, poden estar sendo desempeñadas por outros organismos.

Nos anos de estadía de Neira no estranxeiro, o Claustro compostelán aprobou unha serie de acordos para sacar a concurso a cátedra de Física Experimental, que levaba vacante dende 1782, e privar os médicos de seren xuíces da oposición. Ante estes feitos, Neira dirixiu diversas representacións ao Fiscal e ao *Consejo* en que denunciaba a actitude dos filósofos e teólogos escolásticos ao pretender monopolizar a cátedra de Física Experimental “sólo por el título con que están adornados” (Barreiro Fernández, 1998-2002, I: 401), cando a disciplina esixía para o seu dominio algo máis cá lectura de libros; neste sentido, insistía na precaria situación da Universidade compostelá no referido á dispoñibilidade de instrumentos de experimentación, esgrimíndoa como argumento para presumir a deficiente formación dos escolásticos e desacreditar a súa candidatura á docencia da materia. En contraposición, aludía á formación práctica con que el contaba e anunciaba a súa intención de opostrar á cátedra. Formulaba tamén unha serie de argumentacións e demandas que tiñan como obxecto adscribir a Física Experimental á Facultade de Medicina e, en última instancia, demandaba que fose requisito imprescindible para concorrer á docencia desa materia ter estudado en Universidades provistas de instrumentos e facer demostracións que acreditasen a destreza no seu manexo durante o exercicio da oposición.

En 1788, finalizada a súa estadía no estranxeiro, Neira fixo explícita ante o *Consejo* a súa solicitude de mudar de cátedra, pasando da de Institucións Médicas que rexentaba (situada na Facultade de Medicina) á de Física Experimental. Alegaba, neste sentido, os méritos e coñecementos que o acreditaban, resaltando especialmente aqueles que ilustraban a súa destreza na vertente práctica e experimental da ciencia.

O informe en que o Claustro se pronunciaba a respecto das consideracións expostas por Neira, inspirado polo P. Jacobo Blanco<sup>10</sup>, defendía a capacitación dos teólogos e filósofos para impartir a docencia da Física Experimental; recorría á *Enciclopedia Metódica*<sup>11</sup> como fonte de autoridade para apoiar a idea de que Física e Medicina eran disciplinas diferentes, alegando que nesta obra contaban con cadansúa entrada independente; e presumía que a aspiración de Neira de ocupar a cátedra estaba ditada por un interese de tipo económico, dado que esta tiña atribuída unha dotación superior á da súa cátedra de Medicina.

En relación a este último aspecto, conséntase que as intervencións dos axentes do espazo universitario están orientadas frecuentemente á consecución de posicións que levan asociada unha cota de poder maior e, frecuentemente tamén, una asignación salarial máis elevada. A interpretación deste tipo de comportamentos como actos interesados está presente no cadro de disputas da época, integrada nos argumentos cruzados duns e doutros, e debe ser analizada en estrita relación coa dialéctica da loita en que se xera. O problema xorde na lectura ulterior destas accións por parte da historiografía, porque observamos de maneira recorrente que o interese manifesto de axentes ou sectores en conquistar poder afecta ao modo en que son valoradas as súas intervencións, introducindo na súa interpretación unha compoñente de tipo moral. Este tipo de lectura desvirtúa a análise ao excluír dela o funcionamento e a lóxica do propio espazo en que esas intervencións son xeradas. Calquera toma de posición por parte dun axente nese espazo implica a procura dun beneficio, aínda que non necesariamente a súa consecución. Isto, que resulta máis visíbel nos posicionamentos de axentes periféricos, en que o beneficio perseguido se traduce na ocupación de posicións máis centrais, conséntase tamén no resto de

---

<sup>10</sup> O P. Jacobo Blanco, agostiño e catedrático de Teoloxía, ocupara como substituto a cátedra de Física Experimental en 1787, antes de pasar á de Filosofía Aristotélica (Barreiro Fernández, 1998-2002, I). O seu caso ilustra o perfil de doutores a que o Claustro –dominado polo sector eclesiástico– encomendaba a redacción dos informes en que se rexeitaban as propostas de mudanza.

<sup>11</sup> O Reitor Páramo y Somoza subscribira a Universidade á tradución española de *L'Encyclopédie méthodique*, de Panckouke –refundición da de Diderot–, cuxa edición levaba a cabo en Madrid o libreiro Sancha (Barreiro Fernández, 1998-2002, I). É moi significativo que esta obra, intimamente ligada co texto canónico da Ilustración francesa, sexa colocada como elemento de referencia. En efecto, o intento por parte do Claustro de referendar e facer lexítima unha organización de disciplinas universitarias a través da recorrencia a unha das obras que se consideraban sancionadoras da *modernidade*, é un índice claro do prestixio e da solidez que tiñan alcanzado xa os repertorios que se inscribían nesa dimensión do *moderno*. Non amosar un funcionamento acorde cos novos valores supoñía evidenciar en boa medida un carácter obsoleto ou atrasado.

casos. Do mesmo xeito, o funcionamento do propio espazo evidencia que ocupar as posicións centrais é o modo máis efectivo de promover e aplicar determinadas políticas e ideas.

Como mediador no conflito xerado arredor do acceso á docencia da disciplina, o *Consejo* pronunciouse a través dunha *Carta-Orden* con data de 23 de outubro de 1789, en que Neira era nomeado catedrático de Física Experimental sen necesidade de concorrer a oposición. Nese mesmo documento estableceíase que a cátedra continuaba pertencendo á Facultade de Artes e que en diante “[...] no puedan obtener dha. Cathedra de fisica experimental, ni ser jueces de su Concurso, los que no hagan constar haver estudiado la fisica experimental en Universidad, ó Colegio provisto de los Instrumentos necesarios para esta enseñanza, excluiendose de su oposicion y concurso, y de ser Jueces de el, a los meramente theologos y Filósofos Aristotelicos, y prefiriendo a los de la facultad de Medecina [...]”<sup>12</sup>.

76 No capítulo do nomeamento directo de Neira polo *Consejo* como catedrático de Física Experimental o realmente significativo non é o acceso dun médico á cátedra –que xa con anterioridade tiña sido desempeñada, aínda que minoritariamente, por algún docente desta área–, senón o perfil formativo e a traxectoria que ese médico en concreto posúe e que potenciou como meritatorios para alcanzar a posición gañada. Facemos explícito isto para aclarar que o debate específico sobre a Física Experimental e o debate máis amplo sobre a introdución na Universidade da ciencia moderna en ningún caso poden ser simplificados reducíndoos a unha controversia entre médicos e teólogos ou, dito doutra maneira, entre o sector máis ligado á Filosofía Aristotélica e á Teoloxía, e o sector vinculado ás ensinanzas médicas. Ambos colectivos describen grupos demasiado amplos e heteroxéneos para proceder a unha consideración unitaria da súa actuación e posición nun proceso destas características. Se ben é certo que determinadas mudanzas entran maioritariamente pola vía das disciplinas científicas –asociadas ao final, dun modo ou doutro, á Medicina–, tamén hai que puntualizar que entre os médicos se poden atopar en ocasións posturas moi proclives ao sistema discursivo de tipo escolástico e ao galenismo; de igual modo, entre os eclesiásticos é posíbel rexistrar iniciati-

---

<sup>12</sup> AHUS, Sección Histórica, A. 54 (*Testimonio de visita de la R Universidad de Santiago*), fs. 126 vº-128.

vas e posicionamentos favorábeis, en diferente grao, á potenciación dos estudos científicos na Universidade<sup>13</sup>.

No perfil de Neira importa tamén a acumulación de capitais que o levan a recibir, en máis dunha ocasión, o favor da Coroa, feito que se reafirma co seu nomeamento para a cátedra. Que un axente con ese afán de promover a ciencia experimental e, sobre todo, con ese capital e prestixio referendado polo poder real, gañe unha cátedra coma a de Física Experimental terá unhas consecuencias inmediatas na configuración do propio espazo docente que pasa a ocupar. En efecto, a cátedra verá incrementadas as funcións que tiña asociadas a través do nomeamento de Neira, que recibe do *Consejo*, xunto ao seu novo cargo, a encomenda de elaborar “el plan de los libros, máquinas y horas de asignatura para la enseñanza de la Física Experimental en esta Universidad de Santiago”<sup>14</sup>. Se ben é certo que as súas propostas non serían necesariamente aprobadas –e, de feito, foron rexeitadas en moitas ocasións–, e que o Claustro tamén debía valorar a pertinencia de aplicalas, o significativo é que a través desa encomenda o espazo da cátedra incorpora unha función clave para a vehiculación de demandas de reforma e de ideas sobre o método dende o que debía ser afrontada a ensinanza da Física Experimental.

77

Unha vez garantido o acceso á cátedra de Física Experimental por parte do sector ligado á Medicina e con Francisco Neira no desempeño da docencia, a posición gañada favoreceu que a polémica pasase a centrarse cada vez máis no modo en que a Física Experimental debía ser entendida e ensinada. Pero a controversia estendeu os seus límites ao conxunto de ensinanzas impartidas na Facultade de Artes, que foi obxecto de sucesivas propostas de reformulación dos enfoques e contidos adscritos aos estudos que acollía.

En novembro de 1789, Francisco de Neira e Luís Marcelino Pereira (catedrático de Matemáticas) asinan, en calidade de presidentes da Academia

---

<sup>13</sup> A delimitación no espazo universitario de grupos que resulten operativos para explicar os procesos que afectan á institución é unha tarefa moi complexa, dende o momento en que require incluso unha adaptación do propio concepto metodolóxico de grupo á realidade que se está analizando, que teña en conta, ademais, o volume e tipo de datos de que se dispón. Esta cuestión non será abordada neste traballo, pois a súa complexidade aconsella concederlle un tratamento individualizado. De acordo con isto, remitimos neste punto a Fernández Seoane (2009), traballo recentemente presentado, que constitúe o noso contributo inicial para a elaboración dunha solución metodolóxica específica ao problema dos grupos.

<sup>14</sup> AHUS, Sección Histórica, A. 54 (*Testimonio de visita de la R Universidad de Santiago*), fs. 126 v°-128.

Físico-Matemática da Universidade, unha representación dirixida ao *Consejo* en que se solicita que todos os alumnos de Filosofía asistan de forma obrigatoria durante os tres cursos de Artes á Academia de Matemáticas, argumentando que “el estudio de la Geometría, que debe ser el preliminar de toda educación liberal [...] es la mas clara logica que enseña en recto raciocinio, y forma el espíritu de los juvenes, para que por un estudio methodico puedan elevarse a las verdades mas ocultas, y metafísicas de las ciencias [...]”<sup>15</sup>.

Esta idea de estender o estudo de determinadas ciencias ao conxunto do alumnado de Artes é un precedente do Plan que ao ano seguinte proporía Neira ao *Consejo*, cumprindo a encomenda recibida no momento de ser nomeado catedrático. Pero o Plan que Neira presenta excede os límites da súa cátedra ao constituír unha proposta de reformulación dos estudos de Artes no seu conxunto. En liñas xerais, os puntos máis controvertidos do texto son a demanda da supresión da Física Aristotélica e a da obrigatoriedade do estudo da Física Experimental, precedida das Matemáticas e da Lóxica, para o conxunto dos estudantes de Artes. Ademais, Neira solicita o aumento da dotación da cátedra de Física Experimental a costa do salario asignado á que propón suprimir, suxire reducir as horas de docencia e proxecta a compra de “las máquinas contenidas en el gabinete de Sigaud de la Fond [...]”, para potenciar o enfoque experimental na ensinanza da disciplina. Con respecto aos textos, suxire a subscripción ao *Journal de Physique* [Diario de Física] de Rozier, “para tener noticia de los adelantamientos que se hagan en esta ciencia”, e recomenda como “sumamente utilísimo” que cada profesor escriba o texto (“la asignatura”) por onde vai impartir a docencia da súa cátedra, porque “hay en esto una notable ventaja, tanto a favor del maestro que explica sus propias ideas como de los discípulos”<sup>16</sup>.

O informe do Claustro a respecto desta proposta insiste na inviabilidade do Plan e na necesidade da existencia dunha cátedra de Física Aristotélica, fundamental para a comprensión do texto da *Summa*, á que se cinxía a ensinanza da Teoloxía; neste sentido, recorría ao sentido fundacional do Colexio Maior da Universidade compostelá como seminario de párrocos de Galicia para destacar a importancia da preservación dos estudos ancilares da Teoloxía. Por último, o texto reputaba a Neira de interesado e destacaba a incapacidade da

---

<sup>15</sup> AHUS, Sección Histórica, A. 136 (*Libro de Claustros*), fs. 91vº-92 (Claustro de 27 de maio de 1790).

<sup>16</sup> AHUS, Sección Histórica, A. 136 (*Libro de Claustros*), fs. 103 et seq. (Claustro de 9 de xullo de 1790).

Universidade para sufragar os gastos do aumento de dotación das cátedras ou da adquisición de instrumentos para un gabinete.

En 1791, por medio dunha *Real Orden* con data do 16 de abril, o *Consejo* desestimou a maior parte das demandas de Neira, entre elas a referida á supresión da Física Aristotélica, e ordenou, con respecto á cátedra de Física Experimental, “se arregle su asignatura por el methodo que se observa en los Reales estudios de San Isidro de esta Corte, cuidando V.S. en proporcionar al Cathedratico las maquinas, e Instrumentos mas necesarios [...]”. Con todo, nos testemuños de visita posteriores faise explícito que “no consta que el Claustro hubiese acordado cosa alguna para proporcionar al Cathedratico de fisica experimental [...]”<sup>17</sup>.

Pese á resolución desfavorábel, a polémica continuou e o Plan redactado por Neira en 1790 acabaría por converterse unicamente no primeiro dunha serie sucesiva de até tres propostas máis (de 1794, 1803 e 1806) en que se volveu insistir, basicamente, no conxunto de demandas vehiculadas no texto inicial. O interesante aquí son as dinámicas que se van xerando no decurso da controversia, e que son apreciábeis a partir deses textos: por un lado, parece constatarse unha extensión crecente do afán reformador entre o sector dos docentes de Artes, se atendemos a que o número de catedráticos que ampararon coa súa sinatura os documentos foi progresivamente maior; en conexión co anterior, obsérvase que as propostas para a Física Experimental aparecían integradas nun cadro indisociado de reforma formulado para a Facultade de Artes; e, por último, o número de representacións ilustra o dinamismo que caracterizou a actuación do sector reformador, que non cesou na formulación reiterada das súas demandas. Estas iniciativas foron contrarrestadas cos informes claustrais.

Aos Plans de estudo aludidos hai que engadir algunhas intervencións de Neira nesta etapa que tamén estaban formulando unha idea da disciplina, aínda que por outra vía. Inscríbese entre elas a solicitude cursada ao *Consejo* en 1792, onde se insistía na necesidade de considerar a cátedra de Física Experimental intrinsecamente vinculada á Facultade de Medicina. Esta cuestión xa fora formulada con anterioridade, pero agora existía o precedente da

---

<sup>17</sup> AHUS, Sección Histórica, A. 54 (*Testimonio de visita de la R Universidad de Santiago*), fs. 128-129.

*Carta-Orden* que nomeaba a un catedrático de Institucións Médicas, na persoa de Neira, catedrático de Física Experimental sen concorrer a oposición, co que se establecera tacitamente un nexo máis estreito entre a cátedra e a carreira médica. A petición de Neira hai que poñela en relación coa existencia nesa etapa de presións para que se graduase en Artes (era graduado en Medicina, pero exercía a docencia en Artes), un requisito establecido nas Constitucións da Universidade para poder asistir aos graos nesa Facultade. Finalmente, a proposta fracasou ao ser desestimada polo *Consejo* e, en maio de 1794, Neira viuse na obriga de recibir o grao de “Maestro en Artes”.

Neste punto, interesa reparar nas argumentacións discursivas despregadas no informe do Claustro a respecto da natureza da Física Experimental e da súa necesaria permanencia no esquema filosófico da Facultade de Artes, porque ilustran moi ben a situación periférica dos estudos de tipo científico na Universidade e a vontade de encaixar sen rupturas este tipo de disciplinas no molde do sistema especulativo:

80 la Cathedra con la asignatura de Física experimental, debe contemplarse como un ramo, ó parte esencial de la Filosofía; pues siendo esta, en la comun acepcion de los mas clasicos, y mas antiguos Autores de semeiante facultad, un Cuerpo compuesto de las tres partes integrantes, quales son la Dialectica, la Física, y la Meta-Física, no admite duda en que la Física experimental, está comprendida en la clase de Filosofía; porque aunque los experimentos, las maquinas, y los instrumentos (que todavia no existen en este general estudio) parece añaden alguna circunstancia, que distingue esta Física de la antigua; esto no es otra cosa mas que reducir a practica las mismas especulaciones de la Física de las Escuelas; cuía practica aunque sumamente conducente para el estudio de la Medicina jamas puede desmentir el origen de que procede, y la qualidad que participa; de manera que el Cathedratico de Física Experimental, no viene à ser otra cosa segun su mas estrecha significacion, que un Cathedratico Filosofo practico, que por medio de repetidos experimentos procura desembolver aquellos axiomas que dejaron estampados de muchos siglos á esta parte los mas celebres Filosofos de la antigüedad<sup>18</sup>.

En 1796 Neira abandonou a Universidade de Santiago tras gañar a oposición á cátedra de Clínica do *Real Estudio de Medicina Práctica* de Madrid. A súa

---

<sup>18</sup> *Informe sobre si la Catedra de Física esperimental corresponde a la facultad de Medicina como lo solicita el D.º en dha facultad y Catedratico de ella D.º Fran.º de Neyra, ó a la de Filosofía* (1792), AHUS, Sección Histórica, Legajo 183.

marcha reabriu a antiga controversia sobre o acceso á docencia da Física Experimental, poñendo en perigo a posición da cátedra para o sector reformador. Aínda que inicialmente asumiu a docencia en calidade de substituto o médico José de la Vega, discípulo e consumado defensor dos enfoques promovidos por Neira, a Universidade foi retardando a convocatoria da oposición e intentou salvar as limitacións que o *Consejo* impuxera no pasado a teólogos e filósofos para concorrer á praza.

En 1798, o *Consejo Real* estableceu que o concurso se celebrase sen ditar limitacións ao perfil dos candidatos. Isto determinou que médicos e teólogos alternasen novamente na ensinanza da Física Experimental. Con todo, a perda (relativa) da posición non freou as tentativas reformadoras, porque o feito de estaren xa encadradas as reivindicacións a respecto da Física Experimental nun contexto máis global de demandas de reformulación dos estudos de Artes determinou que calquera cátedra desa Facultade funcionase como un espazo para a vehiculación de ideas innovadoras a respecto da disciplina. En consonancia con isto, obsérvase tamén unha mudanza no liderado das iniciativas, porque nesta etapa probabelmente un dos axentes máis dinámicos foi José González Varela, catedrático de Filosofía, quen ademais de participar na redacción de varios dos Plans de reforma de estudos, elaborou e publicou textos alternativos ao do P. Jacquier (o estipulado polo *Consejo Real*) para as súas clases de Lóxica e Metafísica. Por tanto, cada vez máis o debate desenvolvido en torno á cátedra de Física Experimental pasou a diluírse nun cadro xeral de propostas de mudanza que afectaba a totalidade do espazo universitario e que emerxeu de distintos ángulos e áreas docentes. Aínda que, en principio, estas mudanzas parezan avances efémeros dunha reforma que nalgunha ocasión se retrae en determinados puntos, en liñas xerais marcan a dirección dun proceso global de cambio que envolverá a Universidade dende finais do XVIII e que se consolidará na centuria seguinte.

## Cuestións que levanta a análise da polémica

A partir da análise da polémica até aquí presentada é posíbel individualizar algúns elementos de estudo que neste traballo só presentaremos, pois en moitos casos constitúen liñas abertas de pescuda que serán atendidas convenientemente en fases posteriores da investigación.

## 1. Elementos que actúan na organización do espazo universitario

As dinámicas percibidas no debate sobre a Física Experimental permiten delimitar algúns dos parámetros que estruturan o espazo universitario. En principio, o que parece translucirse é que a institución organizaba as súas xerarquías a través dun código propio: o das disciplinas. Desta forma, a posición relativa ocupada por un axente dentro da Universidade estaba determinada pola área de estudo a que se adscribía. Á súa vez, esas áreas disciplinares estaban sometidas a unha xerarquía baseada na idea da existencia dunha gradación na dignidade dos saberes, que confería o lugar máis alto da escala simbólica aos estudos de carácter eclesiástico.

A elevada posición simbólica de certas áreas disciplinares traducíase nunha serie de privilexios prácticos, como a maior atribución salarial das cátedras a elas adscritas e a asunción dos primeiros postos no cerimonial da orde de asentos do Claustro para os seus docentes. Precisamente, estas serán dúas das vías empregadas polos axentes universitarios ligados ás ensinanzas científicas para reclamar a dignificación do espazo asociado ás súas disciplinas e, por extensión, para intentar alcanzar eles mesmos unha maior centralidade no esquema xerárquico da Universidade.

A vía económica é recorrente no desenvolvemento desta estratexia de reposicionamento, como demostran as reiteradas reivindicacións de incrementos salariais cursadas polos promotores das reformas. O Plan de estudos presentado ao *Consejo* en 1806, asinado por un número representativo de docentes de Artes, demandaba “que las Catedras todas tengan una dotacion uniforme, igual, correspondiente y digna del decoro y la importancia del ministerio publico, sin las ridículas aristocraticas distinciones de prima y visperas y las gerarquicas de facultades.”<sup>19</sup>

Este tipo de peticións salariais foron utilizadas nos informes claustrais para desacreditar as demandas dos renovadores, reputándoas de interesadas. Pero neses mesmos documentos recoñécese e deféndese a vixencia do parámetro da dignidade de saberes como indutor de xerarquías:

---

<sup>19</sup> AHUS, Sección Histórica, A. 452 (*Libro Copiador, ó Registro de los Informes echos por la Real Universidad sobre todos los particulares que ocurran para tenerse presente en los Casos que combengan, 1797*), fs. 166 vº et seq.

Es cosa extraña, ciertamente, que los catedráticos se produzcan en estos términos, cuando no deben ignorar que la dotación de aquellas cátedras a que son relativos sus expresiones [las de Cánones, Leyes y Teología], sobre hallarse establecida [desde] mucho tiempo, es proporcionada a las rentas de la Universidad y al sistema adoptado en todas las del Reino con respecto, no sólo al trabajo de la enseñanza, sino también **a la naturaleza y dignidad de la materia**, que es el objeto de aquellas cátedras, y al mucho estudio que debe preceder para adquirir la instrucción que pide su enseñanza (Barreiro Fernández, 1998-2002, I: 453)<sup>20</sup>.

No caso das peticións salariais, o que se solicita polos renovadores é o cese dun aparato de distincións baseado en criterios que xa non se consideran operativos. Con todo, noutras ocasións a reivindicación non apunta ao cese da aplicación de xerarquías, senón á ocupación dun lugar de maior estatus no cadro dun sistema estruturador de posicións que non queda, por tanto, discursivamente invalidado. Isto é o que sucede cando, en 1798, o doutor Vega reclama que se informe de cales son as regulamentacións vixentes a respecto da orde de ocupación de asentos no Claustro, dado que no caso dos médicos non estaban operando os criterios de antigüidade e grao, sendo relegados por defecto aos últimos postos<sup>21</sup>. Esta acción representa un exercicio de reivindicación do *status* propio, pero acolléndose ás regras dun cerimonial interno que a institución habilitaba para a explicitación de xerarquías e que, por tanto, fica sen cuestionar.

Outra das cuestións que a polémica levanta en relación á organización do espazo da Universidade, e que se visualiza especialmente nos acontecementos que rodearon o acceso á cátedra por parte de Neira, ten que ver co interrogante de cales son os parámetros que regulan o acceso ás posicións. Que capitais están en disposición de ser sancionados pola Universidade? Cales son os elementos que funcionan como meritorios dentro do seu espazo?

A antigüidade é, sen dúbida, un deses parámetros, mais a súa operatividade non se circunscribe só á Universidade, senón que se constata en moitos outros espazos institucionais, e nunha franxa cronolóxica que se estende até a

---

<sup>20</sup> O resalte é engadido.

<sup>21</sup> *Informe dado al Claustro sobre la Antigüedad y preeminencia de Asiento que solicitó el D.º Vega por sí y ante de los mas DD.ºº Medicos en los Claustros y mas funciones publicas (1798)*, AHUS, Sección Histórica, Legajo 183.

actualidade. Os anos de vinculación á institución funcionan como un elemento meritório, aínda que o recoñecemento que se lles confire nunca se vehicule dun modo explícito, subxacendo á valoración de cuestións como a experiencia no exercicio docente, que non deixan de ser manifestacións mellor aceptadas –en tanto que conxugábeis con criterios coma o da formación, consagrados como os (únicos) lexítimos, polo menos no nivel discursivo– da fidelidade mantida á institución.

No que respecta aos capitais sancionábeis pola Universidade, estes parecen ser os adquiridos en espazos de carácter eclesiástico, en que imperan o mesmo esquema de poder e idéntica orde reitora que na institución docente. Desta forma, un cóengo do Cabido compostelán pode ser Reitor da Universidade; e o catedrático de Medicina máis prestixioso acostuma ser, ademais, médico do Arcebispo e facultativo titular no Hospital Real, institución cuxo espazo se atopaba tamén baixo dominio eclesiástico en base á súa consideración de organismo de caridade fundado como *Obra Pía*. Por tanto, incluso os docentes das disciplinas de carácter científico, en virtude do sistema escolástico en que estas ensinanzas foran en gran medida inseridas, adquirirían os capitais que os lexitimaban en espazos situados baixo o dominio da Igrexa. Con todo, hai que observar que no caso destes docentes, os capitais de que falamos son puramente simbólicos, pois dentro da Universidade a súa adscrición ás disciplinas científicas tradúcese inexorablemente nunha posición periférica.

84

De acordo con isto, a estratexia de Neira para acceder á cátedra de Física Experimental ten unha compoñente clara de ruptura, dende o momento en que presenta como méritos que avalan a súa candidatura (1) o feito de ter practicado “la Cirugia, y Disecion Anathomica por espacio de dos años en el Real Ospital del Ferrol segun el methodo de la Cirugia de la Real Armada”<sup>22</sup>; e (2) a formación práctica adquirida durante a súa estada no estranxeiro, “a donde ... sin perdonar a fatiga, diligencia ni gasto alguno, oyó a los profesores más acreditados, manejó todo género de máquinas, hizo practicamente las diseciones anatómicas, operaciones quirúrgicas, experimentos y elaboraciones químicas [...]” (Cabeza de León, 1997, III: 97).

O exercicio da Cirurxía, un dos oficios de menor prestixio dentro e fóra da Universidade pola súa dimensión eminentemente práctica, aparece colocado

---

<sup>22</sup> AHUS, A.136 (*Libro de Claustros*), fs. 41 vº-42 (Claustro do 22 de Xaneiro de 1789).

aquí como meritorio, a carón doutras exercitacións de carácter experimental a que, por tanto, tamén subxacía a pouco honrosa compoñente mecánica. Por outra parte, os espazos en que se adquiriron eses capitais teñen unha natureza laica, como ilustra o propio caso do Hospital da Armada.

A sanción deste tipo de capitais non estaba no horizonte inmediato de posibilidades da institución universitaria e, por tanto, estes non eran transvasábeis ao seu espazo como méritos operativos. Precisamente por iso a estratexia de actuación de Neira prevé a intervención dun espazo de mediación, o da Coroa, onde os capitais que el acumula si son recoñecidos –como ilustra a súa consecución de posicións moi significativas en ámbitos de dominio real, como o *Real Estudio de Medicina Práctica* de Madrid, onde o posto de catedrático alcanzado lle outorgaba os honores de Médico de Cámara– e poden ser empregados para conseguir capacidade de intervención efectiva na Universidade.

No caso de Neira, a utilización dos ámbitos institucionais da Coroa para facer operativos os seus capitais en relación ao goberno dos asuntos universitarios será especialmente efectiva –polo menos inicialmente– en dous momentos concretos da súa traxectoria. O primeiro deles, que xa comentamos, coincide coa consecución da cátedra de Física Experimental, que lle concedía certa operatividade a través da encomenda de elaboración dun plan docente para a disciplina. O segundo dos momentos prodúcese despois do seu paso polas institucións médicas do poder real en Madrid e tras a fundación da *Facultad Reunida de Medicina y Cirugía*, organismo xeral impulsado pola Coroa para potenciar o estudo práctico da Medicina. Neira regresa nesa altura a Santiago, coa encomenda de poñer en marcha no Real Hospital un Colexio desta *Facultad* –que integraría o estudo teórico da Medicina coa práctica clínica do Hospital–, desempeñando o cargo de Vicedirector do novo organismo<sup>23</sup>. O interesante desta nova fase da traxectoria de Neira é observar, por un lado, como unha vez máis a mediación da Coroa consegue outorgarlle poder de intervención nos asuntos relativos á ensinanza universitaria da Medicina –aínda que, novamente, e como consecuencia da resistencia exercida polo poder eclesiástico imperante no Hospital, a iniciativa fracasase–; e, por outro lado, como o intento de renovación dos estudos médicos mediante a potenciación do seu enfoque práctico, que atopaba resistencias nese momento insal-

---

<sup>23</sup> Para un coñecemento en pormenor das vicisitudes que rodearon a tentativa (fracasada) de establecemento deste Colexio no Hospital Real, remitimos a García Guerra (1983).

vábeis dentro da Universidade, se enfoca agora a través da súa proposta de desprazamento a outro espazo, que ademais era, significativamente, o propio escenario de praxe da disciplina.

Os espazos vinculados de forma directa á Coroa – neste caso, moi especialmente o *Consejo Real* –, convértense por tanto, en virtude do seu poder de xurisdición sobre a Universidade, en vías estratéxicas para intervir no funcionamento da institución, introducindo de forma prescritiva mudanzas e novos elementos repertoriais cuxa entrada, doutro xeito, sería inviábel. A capacidade de intervención do poder real na Universidade, e a súa sanción de novos capitais para facelos operativos dentro do espazo da institución vaise incrementando progresivamente, o que denota unha paulatina perda de autonomía por parte do organismo docente.

## 2. Elementos relativos ao esquema de ensinanzas e enfoques docentes

No cadro da polémica sobre a Física Experimental foron promovidas, por parte do sector que impulsou as reformas de Artes, unha serie de ideas que evidenciaban unha preocupación pedagóxica notábel, proxectada sobre o conxunto de ensinanzas impartidas nesa Facultade<sup>24</sup>. Os elementos repertoriais promovidos a este respecto incidían, basicamente, na idea de que a formación impartida na Universidade debía ser útil e eficaz.

A pretendida eficacia pasaba, nas propostas dos reformadores, por aspectos como a especialización docente, allea até o momento a facultades como a de Artes, onde os mesmos catedráticos – a miúdo asociados tamén á Facultade de Teoloxía – impartían a docencia de materias aparentemente tan dispares como a Física Experimental e a Filosofía Aristotélica. Isto era posíbel porque esas disciplinas compartían un enfoque teórico común na súa abordaxe, en vir-

---

<sup>24</sup> Nesta dirección parecen encamiñarse as críticas dos reformadores á escasa formación con que os estudantes accedían á Facultade de Artes, sendo o único requisito “saber algunas reglas de gramática latina, con algunos tropos o figuras de Retorica”. Fronte ao anterior, proponse que para cursar a matrícula no ano de Lóxica (1º curso de Artes) sexa requisito facer constar que se estudou, ademais da Gramática latina, “los principios de una buena retorica en castellano” e un curso enteiro de Matemáticas (AHUS, Sección Histórica, A. 452, fs. 166 vº *et seq.*). Na mesma liña de celo pedagógico hai que inscribir a denuncia que fai o doutor José de la Vega do baixo nivel que se observaba no ensino da Gramática; en efecto, Vega chegou a reclamar que a Universidade sacase por fin a concurso as cátedras desta disciplina para que puidesen ser ocupadas por docentes máis capacitados (*Informe dado por el Claustro de esta Real Universidad al supremo consejo, sobre lo representado por el D.º Bega, pidiendo se saque a publico concurso las dos catedras de Gramatica* [1799], AHUS, Sección Histórica, Legajo 183).

tude do esquema escolástico en que todas foran, máis ou menos, encaixadas. Pero a defensa do carácter experimental da Física e doutras disciplinas científicas vai ligada, indisolubelmente, á proposta de especialización á que acabamos de nos referir, que González Varela enuncia da forma seguinte:

para q<sup>e</sup> desde aora en adelante se mexore quanto sea posible, y arregle à las circunstancias presentes el methodo de enseñanza en las Cathedras de Filosofia, y Matematicas, es necesario que los Cathedraticos que actualm.<sup>te</sup> enseñan Logica, Metafisica, y fisica, alternando entre si por trienios, no lo hagan en lo sucesivo [...] por pedir este ramo [a Física Experimental] atendida su misma naturaleza enseñarse con separacion de los de Logica, y Metafisica, que son muy diversos de aquel y siempre por un sugeto que no se vea precisado à variar de ideas en su enseñanza. Todo transito de lo abstracto, e insensible à lo fisico, y sensible qual viene à ser, el que hacen los S.<sup>res</sup> dhos Cathedraticos desde la Logica, y la Metafisica à la fisica, es muy violento, y de ningun merito para la instrucción de los Jobenes. Esta es una verdad por las òbservaciones de los mas experimentados en el arte de enseñar, quienes claman contra la Confusion, y el desorden que reina en varias Escuelas, òriginado del no dividir las enseñanzas de las facultades como lo exigiese su misma natureza, ni de hacer que preceda el estudio de las Mathematicas al de la Fisica<sup>25</sup>.

87

Outra das propostas impulsadas para mellorar a eficacia da ensinanza pasaba pola elaboración de textos propios por parte dos docentes. Neira, no seu Plan do ano 1790, recomendaba a escritura da “asignatura” da materia por parte do catedrático encargado da súa docencia. Secundando esta proposta, González Varela, un dos maiores impulsores dos plans de reforma, elaborou e publicou os textos das súas clases de Lóxica e Metafísica, aplicando no plano práctico as súas propias afirmacións discursivas:

Son inponderables los progresos que hace la Jubentud en la literatura, quando estudia con metodo, y quanto tiempo pierde quando aquel falta. Esta es una verdad de que nadie debe dudar, como tampoco de que todo Cathedratico que procura mejorar la asignatura de su Cathedra es àcreedor à que se le permita la enseñanza de ella por ser una cosa, no solo util para estimular los demas al trabajo, sino aun para el àdelantamiento de sus mismos Discipulos por q.<sup>e</sup> todos enseñan mexor sus hideas, ò las que se hicieron como propias que las àgenas<sup>26</sup>.

---

<sup>25</sup> AHUS, Sección Histórica, A.54 (*Testimonio de visita de la R<sup>l</sup> Universidad de Santiago*), pp. 134 et seq. Documento con datas do 10 de novembro de 1802 e 6 de abril de 1803.

<sup>26</sup> *Ibidem*.

A través destas actuacións estábanse vehiculando dous elementos repertoriais moi significativos: a idea de que o docente debía explicar as ideas propias, e a idea de que a Universidade debía producir os seus textos. Máis alá da preocupación pedagóxica que poida estar detrás da súa formulación, a iniciativa de que a institución xere os textos por onde son impartidas as disciplinas, en lugar de adoptar os dos autores canónicos, parece conectada –aínda concedendo que nun estadio prematuro– coa progresiva adquisición por parte da Universidade do poder sancionador que máis adiante a caracterizará, porque producir os textos significa, en parte, producir os enfoques e seleccionar os elementos teóricos e os autores que interesan, contribuíndo, deste xeito, a canonizalos<sup>27</sup>.

A idea da eficacia do ensino, aplicada á área das disciplinas científicas, pasa inexorablemente nas propostas dos reformadores pola necesidade de incorporar a experimentación práctica á súa docencia, pois esa era a única vía a través da cal determinados coñecementos –nomeadamente os relativos á Física– podían, na súa opinión, ser asimilados. Os Plans de estudo redactados por este sector contemplaban a adquisición por parte da Universidade dos instrumentos necesarios para a instrución da Física. O Claustro, que adiou durante moito tempo a compra do material amparándose nos múltiples gastos a que a Universidade tiña que facer fronte<sup>28</sup>, opoñíase pasivamente así a unha proposta que, con todo, non desvirtuaba discursivamente, evidenciando a solidez con que determinados repertorios estaban xa afianzados na *doxa*. A necesidade da experimentación práctica ligada á ensinanza das materias científicas era unha idea consolidada, como demostra o feito de que a Universidade tente xustificar a súa suficiencia nesta área que, doutro xeito, sería considerada precariamente atendida:

No està esta [a Física Experimental] tan olvidada en este gen<sup>l</sup> estudio como quiso figurar el D.<sup>r</sup> Neira, pues desde el año de ochenta, y dos, que ha vacado la Cathed.<sup>a</sup> hubo Doctores, que à satisfaccion desempeñaron su enseñanza por el Muskembroeck [sic], que manejan las Maquinas Pneumatica, y Electrica demostrando en ellas los muchos y agradables efectos naturales, y

---

<sup>27</sup> Con respecto aos procesos desencadeados arredor da elaboración de manuais para a docencia das disciplinas, pode consultarse García Belmar e Bertomeu Sánchez (2006).

<sup>28</sup> Para unha información máis completa sobre as demandas sucesivas de adquisición dos instrumentos de experimentación por parte de Neira, Vega e outros promotores das reformas, e sobre a creación posterior do Gabinete de Física da Universidade, remitimos aos traballos de Sisto Edreira (1996 e 1997).

q<sup>e</sup> haviendose dedicado a un Estudio serio de los mas selectos autores [...] saben dar razon, y descubrir la verdadera causa de los Fenomenos de la naturaleza, y estan resueltos à oponerse en publico<sup>29</sup>.

Pero, alén de eficaz, os impulsores das reformas defendían que o ensino universitario debía ser útil. De acordo con isto, formularon propostas que incidían na necesidade de estender ao conxunto do estudantado de Artes a ensinanza de determinadas disciplinas científicas –cuxa utilidade consideraban probada–, tales como as Matemáticas (“La utilidad, las ventajas, y la necesidad alomenos del Aritmetica y la Geometria, que el gran Platon llamaba ciencia Divina, son tan conocidas que harian ridicula su apologia y demostracion, y basta decir que los sabios todos de todas las heredades, sin escluir la nuestra las llaman y recomiendan como la base y el principio de las ciencias todas”<sup>30</sup>) e a Física Experimental, que é presentada como un saber vantaxoso para calquera tipo de estudo posterior (“Que [...] el curso de filosofia quede reducido a uno de logica, otro de metafisica y otro de fisica esperimental, de la fisica verdadera, que sirva al Teologo, al Jurista , al Medico, al Artista, y al curioso”<sup>31</sup>).

Pero existe unha idea máis ampla da utilidade do saber científico que subxace aos textos dun modo implícito e que se apoia na concepción de que as ciencias inducen no alumno un modo racional de enfrontar o coñecemento. Isto xustifica a necesidade de facer extensiva a súa ensinanza ao conxunto do estudantado e xustifica tamén a pertinencia da supresión de todos aqueles contidos e enfoques de carácter especulativo, acusados de fomentar precisamente o contrario. Na liña do anterior, resulta moi ilustrativo o Plan redactado por Neira en 1790:

No habiendo otro modo de estudiar la verdadera Física que el examen de los fenómenos de la Naturaleza, repetidos por el Arte, no debe de haber otra cátedra de esta ciencia que la que se intitula de Física Experimental [...], suprimiéndose desde ahora la enseñanza de la Física dicha Aristotélica como inútil y aun perjudicial al adelantamiento de las Ciencias Naturales. Para ésto en el primer año de los tres que se gastan en el estudio de Artes se les dará a

---

<sup>29</sup> Informe sobre la solicitud del D.<sup>e</sup> Neyra para trasladarse de su Ca<sup>p</sup> de Medicina, a la de Física Esperimental (1788), AHUS, Sección Histórica, Legajo 183.

<sup>30</sup> AHUS, Sección Histórica, A. 452 (*Libro Copiador, ó Registro de los Informes echos por la Real Universidad sobre todos los particulares que ocurran para tenerse presente en los Casos que combengan*, 1797), fs. 166 v<sup>o</sup> et seq.

<sup>31</sup> *Ibidem*.

los jóvenes un breve compendio de las Matemáticas puras, a fin de que puedan descubrir su genio por esta ciencia, que se informen de lo que es un raciocinio recto y aprendan a leer lo escrito en materia de Ciencias Naturales [...]. Después de esto se le darán los preceptos de la Lógica, omitiendo todas aquellas cuestiones en que bajo el pretexto de sutilizar el entendimiento se les hace gastar inútilmente el tiempo, imprimiéndoles un hábito terco, que les caracteriza después en el estudio de otras ciencias y que es opuesto a toda buena educación<sup>32</sup>.

O Plan de estudos de 1806 refírese á Física especulativa nuns termos aínda máis contundentes<sup>33</sup>, facendo referencia tamén ao interese dos teólogos en preservar a súa presenza:

Que quede desde ahora y para siempre suprimida la tercer catedra de filosofía, llamada de física especulativa o general por inútil y superflua [sic]; la que sin embargo quiso y aun quiere la Universidad se conserbe para los que sirvan la teología; por que llena del boto y del teson de los más de sus teólogos, lleo a persuadirse [...] que la ciencia de Dios no podia aprenderse sin una física-arabe-escolastica, donde en lugar de la experiencia, de la observacion y las luminosas y profundas teorías se enbolbiese á los ingenios en el horror del bacio, en las formas y accidentes peripateticos, en la materia divisible hasta lo infinito... con el inmenso aparato fríbolo antifilosofico-físico de sistemas, hipótesis, fantasmas y cabilaciones con que se quería (¡pretension desgraciada!) comprender los incomprensibles y augustos Misterios de la Santa Religion.<sup>34</sup>

Nestes textos é interesante observar, por un lado, que tanto a defensa das ciencias coma a crítica dos contidos especulativos son formuladas en termos –positivos ou negativos– de utilidade; e, por outro, que promoven a idea do carácter experimental e práctico da Física, que invalida calquera proposta de concibila ou ensinala dende un enfoque especulativo, alleo á propia natureza da disciplina.

---

<sup>32</sup> Fragmento do *Plano para la mejor enseñanza de la cátedra de Física Experimental*, AHUS, Sección Histórica, A. 136 (*Libro de Claustros*), fs. 103 et seq. (Claustro de 9 de xullo de 1790.)

<sup>33</sup> Á proposta de supresión da Física Aristotélica subxace tamén –ao igual que á da extensión da obrigatoriedade dos estudos científicos–, unha estratexia de captación de estudantado por parte dos reformadores. A cátedra de Física Aristotélica acaparaba a maior parte do alumnado –ao ser estudo preliminar obrigado para acceder ás Facultades Maiores máis concorridas–, ficando a Física Experimental cun número exíguo de oíntes.

<sup>34</sup> AHUS, Sección Histórica, A. 452 (*Libro Copiador, ó Registro de los Informes echos por la Real Universidad sobre todos los particulares que ocurran para tenerse presente en los Casos que conbengan, 1797*), fs. 166 vº et seq.

A pertinencia das mudanzas propostas é rebatida nos informes claustrais. Resulta moi significativo o feito de que a defensa que neses documentos se fai da Física Aristotélica estea orientada tamén a demostrar a súa utilidade. Os argumentos despregados con esta fin recuperan o sentido fundacional do Colexio de Fonseca para colocar como central o estudo da Teoloxía e facer explícita a necesidade da ensinanza preliminar da Física Aristotélica, que cualifican de imprescindible para a comprensión dos textos tomistas. Nestes informes, a utilidade das ciencias naturais non é cuestionada de forma explícita en ningún momento –o que demostra novamente a consagración deste elemento repertorial–, pero insístese na importancia de non mesturalas cos estudos teolóxicos, para os que o enfoque experimental defendido polos reformadores podería constituír incluso un perigo:

[...] la Universidad de Santiago se halla firmemente persuadida a que para ser un buen teólogo no necesita manejar los instrumentos físicos ni ver o hacer experimentos por sí mismo. Lejos de eso, pudiera añadir, y no sin fundamento, que no es ésto propio de un teólogo y que un estudio muy intenso de la Física Experimental y de las Matemáticas [...] sería inútil, tal vez pernicioso para los que han de seguir Teología. Aquel estudio tiene demasiados atractivos y distrae de tal modo que es fácil haga fastidioso a los jóvenes el de la Teología y otras ciencias. [...] Un joven habituado a las demostraciones matemáticas y a ver con sus propios ojos, por decirlo así, las verdades que le ofrece la Física, está expuesto a querer extender a lo más sagrado la jurisdicción de la evidencia y de los sentidos; y con esta prevención entra a indagar las verdades teológicas. ¿Cuántos, cuán trascendentales y cuán funestos no serán los perjuicios que podrán resultar? (Cabeza de León, 1997, III: 442)<sup>35</sup>.

Este fragmento evidencia que o paradigma das ciencias é percibido como un perigo para a Teoloxía; aínda máis, constitúe un perigo para a posición central dos estudos de tipo eclesiástico na Universidade. En efecto, neste cadro de loitas en que se delimitan propostas e elementos repertoriais enfrontados, o que se está discutindo é algo máis que a existencia dunha cátedra ou a organización dun esquema de ensanzas. Por debaixo de todo iso, o que está en xogo é a función mesma da Facultade de Artes. A supresión da Física Especulativa,

---

<sup>35</sup> Fragmento do *Informe legal hecho al Consejo sobre los recursos de los catedráticos de Philosophia, en orden a que se les minoren las horas de enseñanza, que se les aumenten los sueldos, y para ello se suprima la cátedra de Física Especulativa*. Este Informe encargoullo o Claustro ao avogado Juan de Herrero para contestar con contundencia as propostas de reforma. O propio título evidencia o interese en presentar as demandas formuladas polos catedráticos de Artes como interesadas.

considerada estudo ancilar da Teoloxía, e a potenciación das ciencias naturais en detrimento dos contidos e métodos escolásticos son propostas que implican unha reformulación do sentido mesmo da Facultade, que deixaría de estar tan claramente orientada cara aos estudos eclesiásticos. Por outro lado, a importancia de acceder ás posicións da docencia en Artes, coa posibilidade de colocar neses espazos perspectivas diferentes, resulta fundamental se temos presente que se trata da Facultade máis concorrida en virtude do seu carácter propedéutico. En relación a isto, non resulta sorprendente que o sector teolóxico que inspiraba os informes claustrais se resistise a aceptar unhas mudanzas que poñían en causa a centralidade da súa posición: “[...] se debe presuponer que las innovaciones pueden ser peligrosas, y más cuando recaen sobre asuntos que tienen por objeto la enseñanza de la juventud; por lo mismo es necesario proceder en esta parte con el mayor pulso y circunspección y no hacer novedad alguna sin que conste su utilidad clara y positivamente”<sup>36</sup>.

### 3. Para un estudo do(s) paradigma(s) e función(s) da institución universitaria

92 Ao fío da análise da polémica e do exame dos repertorios que están sendo promovidos por diversos axentes dentro da institución, podemos conxecturar que a función da Universidade está empezando a ser redefinida. O ataque aos elementos repertoriais que sustentaban a primacía da Teoloxía, a preocupación pedagóxica, vinculada á idea de formar con eficacia, e a pretensión de determinar os enfoques e contidos que articulan os plans de estudo en base á súa utilidade –co emprego recorrente de expresións que inciden na importancia de contribuír á “pública ilustración” e á felicidade da República– son, entre outros, elementos que inducen a pensar progresivamente na Universidade como a institución encargada de formar os cadros da Coroa –ou, máis ben, do futuro Estado–, e xa non os cadros da Igrexa. A fundación paulatina de Seminarios ratifica o anterior ao evidenciar que a instrución dos eclesiásticos está mudando de lugar, o que favorece que a Universidade se desprenda desa función.

A chegada do denominado Plan Caballero, de 1807, supón a adopción dalgunhas das propostas do sector reformador para a Facultade de Artes (que agora adoptará o título de Facultade de Filosofía): refórzase o estudo das Matemáticas, desaparece a Física Aristotélica e a Física Experimental convér-

---

<sup>36</sup> *Ibidem*.

tese en materia obrigada para os futuros teólogos. O Plan non chegou a entrar en vigor ao iniciarse en 1808 a contenda bélica que paralizaría moitos dos procesos universitarios, con todo, nos anos posteriores –e pese ao regreso puntual en determinados períodos ao Plan de 1772– a tendencia de redefinición da función da Universidade resultou, en boa medida xa, irrevogábel. Durante a segunda metade do século XIX, Medicina e Dereito convértense, por esta orde, nas Facultades máis concorridas da Universidade de Santiago.

Pero moitos dos elementos repertoriais que fundamentaron o cambio de orientación xa triunfaran nas últimas décadas do XVIII, en pleno desenvolvemento da controversia sobre a Física Experimental. Cando nos informes claustrais os defensores da Física Especulativa empregaban argumentos orientados a probar a utilidade da disciplina, estaban evidenciando o seu sometemento a un parámetro que operaba como valor no paradigma das ciencias, pero que non facía parte do seu propio paradigma, constituíndo mesmo un elemento que o poñía en causa. Que a busca de lexitimación se ampare, xa nesta altura, en elementos repertoriais vinculados a novos paradigmas, alleos até ese momento á institución, evidencia que o proceso de mudanza estaba iniciado e que algúns dos elementos sustentadores da nova función da Universidade tiñan xa unha operatividade efectiva dentro da institución.

A incipiente viraxe na función da institución está anunciada nunha serie de síntomas ou indicios de mudanza que, con todo, non se circunscriben unicamente ao ámbito do funcional. Na análise proposta observamos unha tendencia –que aínda perfilándose lenta, terá unha dirección progresiva– á diminución da autonomía da Universidade con respecto ao poder gobernativo central. Isto vai aparellado ao xurdimento de novos tecidos burocráticos e organizativos dentro da institución que permiten o artellamento e o control dese poder *externo* sobre a institución. Estamos, por tanto, ante síntomas de mudanza que atinxen, ademais de ao nivel funcional, ao nivel do relacionamento co poder e ao nivel da estrutura organizacional interna do organismo universitario.

As peticións de especialización docente en determinadas disciplinas, as novas prácticas derivadas da produción e uso de manuais para as aulas ou as reivindicacións da introdución do enfoque experimental na ensinanza informan, así mesmo, da adscrición paulatina a novas praxes que responden a modelos de docencia e didáctica parcialmente diferentes e anovadores.

No decurso da pescuda futura será importante estudar a relación de (inter)dependencia que parece existir entre as mudanzas no nivel do relacionamento da institución cos espazos de poder, no nivel da súa estrutura e organización, no nivel da actividade (neste caso docente) e no nivel da súa función social. A natureza desa relación e a detección dos elementos que desatan as mudanzas nos diferentes niveis serán obxecto prioritario de análise, como tamén o será a avaliación do grao de intensidade de cambio requirido para poder falar, se cabe, dunha mudanza resultante no paradigma de institución.

*Paula Fernández Seoane*

Grupo de Investigación GALABRA  
Universidade de Santiago de Compostela

## Bibliografía

94

- Barona, J. Ll., J. Moscoso e J. Pimentel (eds.). 2003. *La Ilustración y las ciencias: para una historia de la objetividad*. Valencia: Universitat de València.
- Barreiro Fernández, X. R. (coord.). 1998-2002. *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- Bello Vázquez, R. 2005. *Mulber, nobre ilustrada, dramaturga. Osmia de Teresa de Mello Breyner no sistema literário português (1788-1795)*. Ames: Edicións Laiovento.
- Bourdieu, P. 1994. *Raisons Pratiques: Sur la théorie de l'action*. París: Editions du Seuil.
- Cabeza de León, S. 1997. *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela*. [A Coruña]: Edicións Losa. 3 v. Reprodución facsímile da edición de Santiago de Compostela: CSIC-Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, 1945-1947.
- Díaz-Fierros Viqueira, F. 1971. “Comezos da ciencia moderna na Universidade compostelana”, en *Compostellanum*, Vol. XVI, 1-4, pp. 397-423.
- Feingold, M. e V. Navarro-Brotons (eds.). 2006. *Universities and Science in the Early Modern Period*. Dordrecht: Springer.
- Fernández Seoane, P. 2009. “Networks, Groups and Public Institutions. Problems and Solutions on Primary Source Material”. Comunicación presentada á 38<sup>th</sup>

*Annual Conference* da British Society for Eighteenth-Century Studies. St. Hugh's College, Oxford, 6-8 xaneiro de 2009.

Fraga Vázquez, X. A. 1995. “A incorporación da Ciencia experimental na Universidade de Santiago no inicio do século XIX e os Colexios prácticos”, en *Gallaecia Fulget: (1495-1995): cinco séculos de historia universitaria* [Catálogo da exposición do V centenario da Universidade de Santiago de Compostela]. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 300-305.

García Belmar, A. e J. R. Bertomeu Sánchez. 2006. “Spanish Chemistry Textbooks During Late 18th Century: Building Up a New Genre of Scientific Literature”, en *Universities and Science in the Early Modern Period* (eds. M. Feingold e V. Navarro-Brotons). Dordrecht: Springer, pp. 241-257.

García Guerra, D. 1983. *El Hospital Real de Santiago (1499-1804)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Martínez Rodríguez, E. (1980): “La etapa reformista (1748-1845). Ciencia moderna y centralización”, en *La Universidad de Santiago* (coord. Manuel C. Díaz y Díaz). Santiago de Compostela: Secretariado de Publicaciones, pp. 37-47.

Moreno González, A. 1988. *Una ciencia en cuarentena: la física académica en España (1750-1900)*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

Peset Reig, J. L. (ed.). 1985. *La Ciencia moderna y el nuevo mundo: Actas de la I Reunión de Historia de la Ciencia y de la Técnica de los Países Ibéricos e Iberoamericanos (Madrid, 25 a 28 de septiembre de 1984)*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

— 1997. “Las polémicas de la nueva ciencia”, en *O Padre Sarmiento e o seu tempo: Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995), Santiago de Compostela, 29 de maio-3 de xuño de 1995*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 321-332.

— 2002. *Historia de la ciencia y de la técnica en la Corona de Castilla*. [Valladolid]: Junta de Castilla y León, Consejería de Educación y Cultura, v. 4.

Riobó González, M. 1988. “La controversia sobre la Física experimental a finales del siglo XVIII en la Universidad de Santiago de Compostela”, en *Compostellanum*, Vol. XXXIII, 3-4, pp. 515-529.

Sellés, M., J. L. Peset e A. Lafuente (comp.). 1988. *Carlos III y la ciencia de la Ilustración*. Madrid: Alianza Editorial.

- Sisto Edreira, R. e X. A. Fraga Vázquez. 1996. “A recepción da ciencia moderna na Universidade de Santiago, 1772-1845. A incorporación da Física e da Química e o labor dos Colexios Prácticos”, en *Ingenium*, nº 5, pp. 23-58.
- 1997. “O Gabinete de Física da Universidade de Santiago de Compostela. Creación e evolución ó longo do século XIX”, en *Ciencias, educación e historia: actas do V Simposio de Historia e Ensino das Ciencias* (ed. Xosé A. Fraga). Sada: Edicións do Castro, pp. 339-346.